

DECRETO DA ALCALDÍA -PRESIDENCIA N° 226 /2015.

Recibido escrito da Consellería de Traballo, polo que se comunica a concesión dunha subvención a este Concello para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obra ou servizo (Interese social) denominado/a " **SERVIZO DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS**".

Visto o informe de Intervención de data 22 de xuño do 2015.

E sendo necesario proceder á contratación de 2 socorristas, polo presente, e dacordo coas competencias atribuídas á Alcaldía polo artigo 21, apartado G da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, ACORDO:

Primeiro.- Aproba-las bases que rexirán a contratación, con carácter laboral temporal do referido personal e que son as seguintes:

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DE 2 SOCORRISTAS.

1.- E obxecto da presente convocatoria a provisión con carácter laboral temporal, de dúas prazas de socorristas, por un periodo de 2 meses e medio a xornada completa. As retribucións serán as estipuladas na Orde de 23 de decembro de 2014.

2.- Os aspirantes á contratación deberán reuni-los requisitos seguintes.

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:

- a. Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58 da Lei 7/2007 pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión europea e/ou extranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.
- b. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo art. 56.1.c) da lei 7/2007 .
- c. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. Acreditarase mediante declaración xurada. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada .

f) Estar en posesión, e en vigor, de licenza federativa de socorrista acuático.
Figurar inscritos coma demandantes de emprego nas Oficinas do INEM

Estes requisitos deberán acreditarse no intre de concurrir á sinatura do oportuno contrato e deberán referirse en todo caso á data de presentación, por este Concello, da correspondente Oferta de Emprego Pública ante o Servicio Galego de Colocación.

3.- A selección de aspirantes, que se realizará o xoves, día 25 de xuño de 2015, as 10:00 horas, debendo presentarse os aspirantes na piscina municipal de Cerdido.

a) FASE DE MÉRITOS.

Curso de socorrismo y salvamento acuático. 1 punto.

b) FASE PRÁCTICA.

Proba de natación, que consistirá en nadar 150 m. a crol, con rescate de maniquí y remolque. Puntuándose los mejores tiempos conseguidos.

A fase práctica valorarase cunha puntuación máxima de 6 puntos.

4.-A Comisión seleccionadora estará composta de seguinte xeito:

- a. O tribunal nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 da lei 7/2007 do Novo Estatuto do empregado público, así como garantindo a paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

A * Presidente: Titular: Carlota González Navarro. Secretaria xeral (titular). Suplente: Manolo Larrosa Rodríguez. Secretario Xeral do Concello de Ares.

B * Secretario que actuará con voz e voto: D^a Pilar Rivera Rodríguez. Empleado Público do Concello de Valdoviño Suplente: Ricardo Dopico Embade. Empleado Público do Concello de Valdoviño.

C * Vocais: O tribunal componsegarantindo a composición eminentemente técnica e paritaria deste órgano colexiado (en base ao principio de especialidade/idade). Asemade,garantirase a composición impar deste órgano de selección, cun mínimo de 5 membros (incluídos Presidente e Secretario), designándose polo tanto 3 vocais titulares e 3 suplentes:

- D. Senén Prieto Martínez. Empleado Público do Concello de Valdoviño. Suplente: Rosario García Villar. Empleado Público do Concello de Valdoviño.

- D^a. Remedios Torres Regueiro. Empleado Público do Concello de Valdoviño. Suplente: Santiago López Vilela. . Empleado Público do Concello de Valdoviño.

- D^a. Silvia Lamas Maceira , Técnico Deportivo do Concello de Moeche. Suplente: funcionario da Corporación en quen delegue.

b. O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os

devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

c. O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e do Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

d. Os vocais do Tribunal, titulares e suplentes, que actúen nestas probas terán a titulación correspondente, de conformidade co artigo 4 do Real Decreto 896/91, e percibirán as gratificacións correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002.

5.- A Comisión seleccionadora queda autorizada para resolver cantas dúbidas e incidencias se produzan perante a tramitación desta contratación.

6.- Concluídas as probas a Comisión seleccionadora formulará proposta de nomeamento dos aspirantes, elevandoa á Alcaldía para a súa contratación.

7.- Os aspirantes que resulten desinados, incorporaranse ó seu destino o día que lles sexa comunicado.

8.-Dado o carácter urxente da contratación, convócase ós aspirantes, que sexan designados polo Servicio Galego de Colocación e que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, provistos de DNI, cartilla da Seguridade Social e Tarxeta do INEM, para axilizar os trámites administrativos da contratación. As presentes bases quedarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello.

O mando e firma en Valdoviño a 22 de xuño de 2015.

Alcalde.

Dou Fe. A Secretaria.

Asdo/ Alberto González Fernández.

Asdo/ Carlota González Navarro.